

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE FERROL**

*ANUNCIO de notificación da orde de realización dos traballos de xestión da biomasa.*

De acordo co disposto no artigo 22.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, cando se ignore o lugar de notificación ou cando, intentada esta, non poida practicarse a notificación, esta farase mediante un anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial del Estado* e no taboleiro de anuncios do Concello, e conterá os datos catastrais da parcela.

A persoa responsable dispón dun prazo de quince días naturais para a realización dos traballos de xestión da biomasa nas parcelas indicadas.

Para coñecer o contido íntegro do acto que se notifica, a persoa interesada poderá comparecer no prazo de dez (10) días contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, nas dependencias do Negociado de Medio Ambiente do Concello de Ferrol, sito na praza de Armas, s/n, das 9.00 ás 14.00 horas.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entederase producida desde o día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou nun prazo dun mes, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación, na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ferrol, 28 de marzo de 2023

O alcalde

P.D. (Resolución do 8.7.2019; BOP núm.137, do 22 de xullo)

Ana Lamas Villar

Concelleira delegada da área de Servizos, Obras, Medio Ambiente,  
Zona Rural e Participación Cidadá



**ANEXO**

Referencia/nº de expediente	Referencia catastral	Acto notificado	Interesado/a
INC 1/2021/429 2021033759	15037A03500758	Resolución do 22.11.2022	32617850D

